

o falar das ondas

Xuño 2011

Revista de Normalización Lingüística



Aquela noite
a lúa enmudeceu a conversa coas fadas,
o silencio foi o compás
que palpitaba un tempo
que se extinguía en pendente.

Texto de Olga Patiño. Imaxe de José Valentín

EXCURSIÓN A PANXÓN

O xoves, día 4 de novembro, tivemos a saída a Pontevedra, concretamente á Praia de Panxón. Saímos sobre as 8:45 da mañá do instituto no bus, e despois dunhas dúas horas e media de viaxe chegamos. Xa alí, encontramos un grupo de alumnos e alumnas de Lugo, para ir xuntos cunha guía que nos indicaría os lugares, dos que se falaba no libro *A praia dos afogados*, de Domingo Villar; lectura que fixeramos en outubro. Ela levounos ata a praia, onde aparecera Xusto Castelo. Logo diso, levounos ata a Igrexa de Panxón, a cal está construída, segundo o proxecto de Antonio Palacios, entre os anos 1932 e 1937, cunha gran torre utilizada de faro naqueles tempos. Ao lado, os restos da capela visigoda. Cando finalizamos de falar coa guía, dirixímonos cara o bus que nos subiu ata Monteferro, un monte ubicado preto da Praia da Madorra, que ofrece unhas maravillosas vistas ao océano e ás illas Cíes. Cando chegamos alí, baixamos por unha especie de “corredoiras” ata chegar a un miradoiro, onde un home nos explicou, onde se afundira o barco do Rubio, as súas formas de pesca, e un lote de talasónimos. Cando rematamos, fomos comer e despois outras 2 horas e media de viaxe de volta.

Román Barbeito Baldomir, 1º de Bac.



Oleiros

En decembro puidemos elaborar as nosa propias pezas coas indicacións duns amábeis oleiros de Buño. Quedounos un bo recordo.



arTeu

A asociación de arte “arTeu” expuxo diversos cadros de 25 artistas diferentes en 25 establecementos repartidos polo concello, coa colaboración do Concello de Cambre e da Asociación de empresarios.

Eu fun ver a exposición do restaurante “Casa Alfredo” en Cecebre, porque era o que máis preto quedaba da miña casa. Os cadros eran de Manoel Bonabal. Este pintor galego naceu en Santiago de Compostela no ano 1961. Nesta cidade fórmase na “Escola de Artes e Oficios Mestre Mateo” e remata a súa formación no taller do seu pai, o escultor Manuel Barreiro Moratalla. Leva máis de 15 anos dedicado á pintura.

É un pintor que fai cadros con moita luz e que resultan moi alegres, con cores vivas e resaltando moito as figuras das persoas. Todos os cadros que vin eran parecidos no estilo, transmitía moita alegría e optimismo. Gustáronme moito todos eles.

Para este traballo escollín dous cadros que representan as figuras dunhas sevillanas. Os dous son óleos de moito colorido e de figuras sen rostro. Nun cadro aparecen as caras das persoas e no outro só representa o vestido dunha persoa.

Eu penso que puxeron os cadros neste restaurante porque o comedor é moi apagado, con moi pouquiña luz. Os cadros están á venda e a “Casa Alfredo” vai moita xente xantar, tamén hai máis posibilidades de que o pintor venda algunha das súas obras.

Eu creo que é unha boa maneira de achegar a arte á xente da rúa.

Ao mellor alguén pediu aos Reis Magos un cadro desta exposición, sería un bo agasallo!!



MÓNICA SANTOS GODOY

O HOME DE CORES

Había unha vez, nunha pequena vila de Santiago, un home moi raro ao que non lle gustaba o seu ton de pel. “Estou moi pálido” ou “O meu ton de pel non é o adecuado” eran frases habituais no seu vocabulario.

Un día decidiu pintar a súa pel e acabar co que el chamaba “unha traxedia”:

Primeiro foi o vermello pero: “esta cor recórdame moito o sangue, non me gusta”.

Logo o verde: “non serve, as vacas vanme confundir coa herba e poderíanme morder”.

Logo o azul: “non, recórdame que eu non sei nadar”.

Logo o amarelo: “non, é a cor do Sol, pode queimarme por roubarlla”.

Logo o negro: “non, dáme medo a escuridade”.

Logo o gris: “non, é moi melancólico”.

Logo o marrón: “non, os paxaros confundiranme cunha árbore e farán o seu niño na miña cabeza”.

Logo o rosa: “non, que... humm... non me gusta!!!”

Logo o violeta: “non, parecerei unha flor”.

Logo o branco: “non, é moi aburrido”.


E así unha morea máis de cores ata que se lle ocorreu unha grande idea:

Xa está, porque non pinto a miña pel de todas as cores!!!

E a partir daquel momento, xamais volveu a queixarse do seu ton de pel.

RODRIGO (1º ESO A)

Bo Nadal



falamos



falar das ondas

O venres 4 de febreiro fomos debater á Coruña. Peter Crespo, Kalina Fernández, Iván Lesta e Miriam Veiras, de 1º de bacharelato, falaron sobre os medios de comunicación e sobre a crise con outros participantes de varios institutos. A Concellaría de Mocidade, Solidariedade e Normalización Lingüística do Concello da Coruña convoca o Certame de Debate "Falamos" para difundir o galego entre os nosos mozos e mozas. Esta actividade pretende promover o uso do galego a través do diálogo e a confrontación de ideas en público, como exercicio de convivencia e de adquisición de habilidades persoais imprescindíbeis para o desenvolvemento pleno da persoa (busca de información, expresión oral, traballo en equipo, respecto e tolerancia). Unha actividade moi completa, que oxalá poidamos repetir.



Visita á cidade da cultura



En xaneiro o alumnado de 1º e 2º de bacharelato visitou a Cidade da Cultura, recentemente inaugurada. Tivemos ocasión de ver a exposición "Ex libris Gallaeciae. Dos libros de Galicia" unha mostra que percorre a través de case 100 exemplares bibliográficos, entre códices, manuscritos e primeiras edicións, a construción da identidade cultural galega.

NAMÓRATE CUN VIDEOCLIP

1º BUSCA UNHA CANCIÓN DE AMOR EN GALEGO

2º XÚNTATE COS TEUS AMIG@S E FACEDE UN VIDEOCLIP BASES

1. Haberá dúas modalidades: ESO e BACH e pode ser individual ou en grupo.
2. Os videoclips pódense entregar nun lapis de memoria (será devolto) ou enviándoos a calquera destes enderezos marderoupar@gmail.com ou xoandiaz@gmail.com.
3. Non se terán en conta os que se presenten sen asinar. Poñede o nome!!!
4. Recolleranse videoclips até o día 11 de febreiro.
5. Haberá un premio por cada modalidade.
6. O xurado estará formado por membros do EDLG e da comunidade educativa.
7. O visionado dos videoclips farémolo nos recreos na entrada do centro.

EDLG PODEDES CONSULTAR OS GAÑADORES NA WEB DO INSTITUTO:

<http://www.edu.xunta.es/centros/iesdavidbujan/category/6/101>



Visitaron o noso centro

En 1º da Eso, lemos a saga dos *Megatoxos* de Anxo Fariña, mais *A expedición dos libros* de Vicente Muñoz Puelles. Tamén estivo connosco Conchi Regueiro, lemos *O tesouro das ánimas*.

Anxo Fariña




Muñoz Puelles



Conchi Regueiro



Hoxe visitounos Conchi Regueiro, a autora do libro que lemos, *O Tesouro das Ánimas*. Ela naceu en Lugo, pero agora vive en Vigo. Contounos que coñecía a xente que podía escribir libros a partir dun home cun brazo roto que ven pola rúa, pero ela prefire escribilos a partir dunha historia que imaxina na que sae un monstro de debaixo dunha mesa. Cando se puxo a escribir o libro quería escribilo só co tema dos petos pero pensou que se o facía así ninguén se interesaría por lelo, entón mesturou os petos con cousas modernas que nos interesan como os teléfonos móbiles ou videoxogos. Fixo unha segunda carreira e mentres estudaba ía sacando adiante os seus libros. Dixo que as vilas que poñía nos libros non eran reais, porque se as poñía e dicía cousas malas non ían gustar, polo tanto non os poñía e aforraba desgustos. Para os nomes destes personaxes, en Guillerme inspirouse nun amigo seu e para Natalia nunha veciña. Tamén lle gusta que cando vas ler un resumo dun libro na contraportada, deas algunha pista sobre a historia do libro. Leva escribindo 10 anos máis ou menos. O libro que máis lle gusta dos que escribiu é *Guerra do Pretérito*, pero non quere que o publiquen. Prefire escribir e ler historias fantásticas que novelas, probou a escribir unha novela pero afortunadamente para ela, non a publicaron. Pero a segunda que escribiu gañou un premio. Recibiu catro premios en total.



ALBA VARELA CARIDAD

Abraham Carreiro

O 21 de febreiro estivo connosco Abraham Carreiro. Fixemos un obradoiro de iniciación ao cómic co alumnado de cuarto.



Antón Iopo

O luns 23 de maio veunos visitar Antón Lopo. Durante a súa visita falounos de *A palabra exacta*, una biografía de Lois Pereiro. Para escribir esta biografía, Antón Lopo, entrevistou diferentes persoas que coñecían a Lois Pereiro entre os que están a súa nai, os seus irmáns e Piedade, a súa ex moza. Tamén engade correos electrónicos de Daniel Salgado, Xavier Cordal e Xosé María Álvarez Cáccamo que falan sobre a súa obra.

Ademais de contarnos como realizou a súa biografía, resumíunos brevemente a vida de Lois Pereiro. O que nos contou foi, entre outras cousas, que Lois era un rapaz que se sentía inferior ao seu irmán e por iso se foi encerrando en si mesmo e foi nese intre cando comezou a escribir poesía.

Máis tarde, no instituto, coñeceu unha moza, Piedade, da que se namorou e comezaron a saír xuntos, como parella. Piedade foi o seu único amor.

Tras moitos anos xuntos, romperon a súa relación pero seguíronse vendo e eran moi bos amigos.

Lois foi un dos infectados polo aceite de colza e máis adiante contaxiouse de SIDA. Morreu na Coruña no ano 1996.

A visita de Antón Lopo estivo ben. Pareceume moi interesante a vida de Lois Pereiro.

Rocío Uzal. 1º Bach



Rosa Aneiros

O 24 de xaneiro veu ao instituto Rosa Aneiros. En 1º de bacharelato lemos *Ás de bolboreta* e mais *Resistencia*. Tivemos a sorte de que a autora nos falara da súa obra, foi moi interesante. Asistiu tamén alumnado de literatura de 2º de bacharelato que fixo un traballo.




"Un haiku por Xapón"

3º de PDC organizou esta actividade. Participou alumnado de todos os niveis, agás 2º de bacharelato.



Aí vai unha pequena mostra dalgúns dos traballos ilustrados.



MULLERES DE FAMILIA

O traballo dedicado ás mulleres da nosa familia acercoume máis a ela e aos meus antepasados xa que tiñamos que buscar información do que traballaban e fotos. Averigüei moitas cousas como que tiña unha tataravoa taberneira e unha tataratataravoa comercianta e que esta última levaba un revólver para defenderse.

Pero este traballo non só me ensinou cousas sobre a parte feminina da miña familia senón tamén a masculina; isto foi porque ao buscar as fotos vin moitas outras da familia, de cando estaban emigrados en Suíza, de viaxes, de romarías... Tamén tiven que facer unha árbore xenealóxica; fíxena coa axuda da curmá do meu pai, do pai dos meus curmáns maiores, o meu pai...

Este mais outro traballo sobre a oralidade foron os meus preferidos!!!!!!

Inés Castro Rodríguez 1ºESO B

Con este traballo souben de quen proveño e como eran os meus ancestros e tamén un pouco das súas vidas. Por exemplo, os meus tataravós paternos eran un matrimonio alemán que veu a Galicia para restaurar a catedral de Santiago pois o meu tataravó era un mestre canteiro. Sorprendeume moito saber que teño orixes alemás.

A miña tataravoa por parte de nai quedou viúva con dous fillos e casou en secreto cun terranente viúvo que tamén tiña fillos. Todo o mundo falaba ás costas da miña tataravoa porque pensaban que tivera fillos con ele sen estaren casados.

Mantivérono en segredo ata que el morreu, entón o cura que os casara dixo a verdade.

Gustoume facer este traballo porque descubrín moitas historias sobre a miña familia e de onde veño.

María Gago 1º ESO A



Certame de Monólogos Cómicos

O IES Menéndez Pidal, coa colaboración da Concellaría de Mocidade, Solidariedade e Normalización Lingüística do Concello da Coruña, convoca o I Certame de monólogos cómicos de Boca en Boca. Ángela Botana e Pablo Cacheiro de 1º de Bacharelato representaron moi dignamente ao noso centro.



Por que sempre relacionamos o diferente co raro? O diferente pode ser algo extraordinario, algo único, excepcional. Aquilo que non cumpre a norma, pero tampouco se sae dela. Vivimos nunha sociedade moi difícil, se non actúas coma a maioría da xente es raro. E ser raro nun mundo coma o noso, a non ser que sexas Johny Deep, é buscarse unha vida moi difícil. A xente vaise meter contigo fagas o que fagas, por culpa desa xente non están ben vistas cousas como ir ao supermercado en calzóns ou disfrazarse todos os días, nin sequera furgar no nariz. Á xente que lle molesta que o fagas non lle debe picar nunca o nariz, porque xa me dirás que fas se che pica e non tes panos a man, pois fas (facer algo). Por iso tamén é raro.

A min gústame ser un deses poucos que non se reprimen, que me pica o nariz, pois veña a buscar petróleo; que teño ganas de cantar e mais de bailar, pois fágoo (cantar e bailar). Gústame ser un deses que fan unha lista de cousas que facer antes que morrer con puntos como facer o pinoponte diante da fundación Caixa Galicia ou retar a Paquirrín a ver quen dos dous como máis bolos e cúmproos. A xente así somos fabas contadas e cada vez somos menos, se queredes podédesnos mandar axuda a somostiposraros/fabascontadas.com, cantidade mínima 200.000 euros, sen reembolso nin garantía de que vaiamos facer o que queiran cos cartos. Orgullosamente raro.

Pablo Cacheiro






Certame musical

O 28 de abril fomos a Sada as compañeiras e compañeiros dos grupos que nos representaban: Music Crown (Rocío Míguez, Inés Castro, Inés Oitavén, Carmen True, Alicia González, Nerea Fernández, Miriam Fernández e Olalla Álvarez) e Kill as One (Martín Pazos, Hadrián Iglesias e Miguel Souto). Pasámolo moi ben.



Correlingua

4º de ESO e 1º de Bacharelato foron este ano ao Correlingua. O 4 de maio xuntámonos na Torre de Hércules con moitas rapazas e rapaces de varios institutos da Coruña e outros que viñan de lonxe: Cerceda, Carballo, Zas... Escoitamos o grupo que quedara clasificado en 2º lugar no Certame Musical. Pasamos unha boa mañá!



falar das ondas

Lois Pereiro

2011 é o ano de Lois Pereiro. As alumnas e alumnos de 1º da ESO aproximámonos á poesía deste autor de Monforte, cada un cunha aportación diferente pero todas feitas con cariño.



Convivindo

O Grupo de Convivencia realizou unha campaña para fomentar a limpeza no instituto (a ver se para o próximo curso ten máis éxito, de nós depende). 2º ESO A obtivo o premio á aula máis limpa.



Unha aula máis limpa



A literatura.

A literatura son raios de sol, palabras cálidas e bolboretas dentro de ti.

Eu teño compaixón das persoas que nunca sentiran as bolboretas bailarlles nos dedos ao escribir unha historia, que non sentiron a literatura estenderse dende o seu corazón ata a punta dos cabelos como unha onda dourada e morna.

Por iso prefiro ós ratos que gardan dentro de si raios de sol, rapaces que buscan bolboretas, lapis rasgando o silencio e a brancura dunha folla de papel.

Aínda que a xente ás veces non comprenda o que é levar dentro esa explosión de creatividade tentando saír é importante coidala. Iso faite especial. A xente confunde especial con raro, tranquilo con aburrido, asocian o descoñecido co escuro.

Pode que a literatura viva en todos os corazóns pero nalgúns non chega agromar nunca, e noutros remata por desbordalos.

Sinceramente, teño mágoa daquelas persoas que nunca se emocionaron cun poema, que nunca tentaron mirar ao sol aínda que saiban que lles vai doer, que nunca se namoraron da persoa equivocada, que nunca perseguiron bolboretas.

Lía Pérez Barrán 1º ESO

XVIII Certame Literario

Na decimoitava edición do Certame Literario formaron parte do xurado as profesoras do centro María Lema e Pilar Tobar, a profesora Carme Fernández do departamento de Lingua galega e literatura do IES Afonso X “O Sabio” e Belén Núñez, representante da ANPA do noso instituto. Estivo presidido pola poeta Olga Patiño, que nos leu O adro de Sigrás, conto que figura na contraportada. Moitísimas grazas, Olga!

Os premios foron os seguintes:



Modalidade de narración. Categoría A, de 12 a 14 anos.

Premio	Nome	Lema ou pseudónimo	Centro ou Localidade
1º premio	Marcela Porto Mato	Mundo	A Estrada, Pontevedra
2º premio*	Lorena Barrera López	Venus	IES Monte Castelo, Burela, Lugo
1º accésit	Aurora Barba Gasamáns	Daneta Gallet	IES David Buján
2º accésit	Mª Alejandra Rodríguez	Pomba branca	IES Afonso X “O Sabio”

Modalidade de narración. Categoría B, de 15 a 18 anos.

Premio	Nome	Lema ou pseudónimo	Centro ou Localidade
1º premio	Paula Sánchez Varela	Arume	IES Afonso X “O Sabio”
2º premio	Diego Pazos Castro	Leo	IES Afonso X “O Sabio”
1º accésit	Adriana Agilda Míguez	Bolboreta de cores	IES David Buján
2º accésit	Ismael Ramos Castelo	O primo de Jane Austen	IES Virxe do Mar de Noia
3º accésit	Paula Currás Prada	Nube	IES Afonso X “O Sabio”

Modalidade de poesía. Categoría A, de 12 a 14 anos.

Premio	Nome	Lema ou pseudónimo	Centro
1º premio	Marcela Porto Mato	Km 0	A Estrada, Pontevedra
2º premio	Sara Mesías	As praias douradas da lembranza	IES David Buján
1º accésit	Javier Vicente Graíño	Amigo	IES Afonso X “O Sabio”
2º accésit	Lucía Mesías	A cabeleira ao ar	IES David Buján

Modalidade de poesía. Categoría B, de 15 a 18 anos.

Premio	Nome	Lema ou pseudónimo
1º premio	Helena Salgueiro Golán	Plouha
2º premio	Ismael Ramos Castelo	sinais
1º accésit	Alfonso Traficante Fernández	Francisco Leis
2º accésit	Roberto Ínsua Brandariz	O lobo

Centro

IES Antón Fraguas Fraguas,
Santiago de Compostela
IES Virxe do Mar de Noia
IES nº 1 de Ordes
IES David Buján

Na categoría C, de 19 a 26 anos, na modalidade de poesía, o xurado acordou conceder un único premio, o 1º, e declarar deserto o 2º.

Modalidade de poesía, categoría C, de 19 a 26 anos, para...

Premio	Nome	Lema ou pseudónimo
1º premio	Lucía Barrera López	Verba branca

Centro

Facultade de Medicina e Odontoloxía
de Santiago de Compostela.

¡Parabéns a todas e a todos!





O ADRO DE SIGRÁS.

(Aos meus pais, involucrados polo son dun tango na festa de Sigrás dun ano...que aínda se alonga no recordo).

A nenez era un tempo de vagariño, cando os soños habitan intactos na luz que atravesa a auga no estanque de peixes de cores. Naquela tempada, a da infancia, o vento era unha voz descoñecida, por veces tenra, borboriñando unha linguaxe estraña e doce a un tempo, outras, o seu eco era afoutado, pero xamais voraz, para evitar isto estaba a saia de mamá e os pantalóns de papá para acubillala da boca do vento, e tamén estaban os brazos-cinguidores.

Ela, Olga Mari, Pi como ao seu pai lle gustaba chamala, era unha meniña de tres anos desandados de vertixe, que iniciaba o sendeiro nesta banda do tempo onde cabalgar as nubes era un xogo inxenuo e posíbel máis que probábel. Era primavera, esa estación do ano que pecha con caído ao inverno, esa tempada na que todo agroma coa forza da cor da vida.

A media mañá dun día soleado Pi colleu o pequeno banco de madeira e pousouno enriba da cabeza; nun descoido dos seus pais, decidiu iniciar en solitario o camiño que levaba ao adro da Igrexa. Como se se tratara da pirueta dun soño, para alá marchou acompañada polo rechouchío dos paxaros. Ao fin e ao cabo, ela inda non tiña conciencia do mundo dos adultos que viven limitados polos seus propios medos, nela repousaba a nenez, unha plácida infancia onde o espírito voa nun único tempo: o da emoción do descubrimento.

Marchou pola senda sen volver a cabeza atrás e, levando como cómplice ao silencio. Saíu ao mundo coa espontaneidade de que calquera desamparo lle era alleo. Moitos anos despois tivo a certeza de que esa-espontaneidade- é un dos segredos da vida.

Durante un tempo, que aos seus pais lles resultou eterno, buscárona coa axuda duns veciños pola horta, en cada curruncho da casa, chamáronna ata esgotar a voz. Ninguén sospeitou que marchara por aquel longo sendeiro cara ao adro. Ao cabo dun -tempo interminábel-, a súa nai viu ao lonxe unha miúda silueta inmensa de inocencia cun banquiño de madeira na cabeza. Os seus pais botaron a correr ata chegar ao seu carón :

-Onde estiveches... ?

-Na "Iguesa"- respondeu coa experiencia dunha pequena fada felizmente perdida nun espazo mítico: o adro de Sigrás onde o tempo se detén. Entón chegou a suma de moitos bicos, eses que ensanchan a alma.

A día de hoxe, cando a emoción aproxima as lembranzas, o adro de Sigrás segue a ser un espazo de fulgor no que apoiar os meus soños.

Olga Patiño Nogueira
(A Coruña, 30-Abril-2011)